



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

**ACTA DA SESIÓN DO 14-12-2023 DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DO EQUIPO-DIRECTIVO-DOCENTE-  
APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN FORESTAL 2023**

**ACTA Nº 5**

O día catorce de decembro de dous mil vinte e tres, ás 9:05 horas, presencialmente na casa do concello de Irixoa, reúnese a Comisión de Selección cos membros que se indican a continuación:

Presidenta: Rosa Novoa Paseiro,  
Vogal 1: Ruth Alvarez Grande,  
Vogal 2: María Pilar Lage García,  
Vogal 3: Úrsula de la Barrera Fernández,  
Secretario: Alejandro Alonso Figueroa.

Iníciase a reunión da comisión de selección analizando as diversas reclamacións realizadas ao proceso, proseguíndose coa documentación para selección de candidatos da praza de mestra de xestión empresarial do Obradoiro de Emprego. A Comisión aproba, por unanimidade, os seguintes acordos:

Tendo en conta as bases reguladoras do proceso que se está levando a cabo, aprobadas e publicadas oportunamente, procédese á proposta de selección da candidata a contratar do equipo docente que queda como segue:

1. Procédese á corrección dos erros detectados na acta da comisión nº 4 do 12-12-2023, segundo o seguinte cadro.

ERRO	CORRECCIÓN
Anexo V: como proposta para o posto de auxiliar administrativa figura YOLANDA LOUREDA LAGARES	Anexo V: como proposta para o posto de auxiliar administrativa ten que figurar YOLANDA M <sup>a</sup> LAGARES PÉREZ
Anexo II: como candidata valorada con 2 puntos figura MARÍA ESTEFANÍA ABELENDA	Anexo II: como candidata valorada con 2 puntos ten que figurar MARÍA ESTEFANÍA ABELENDA POSE, suplente 2 <sup>a</sup> .

2. Reitérase o criterio de que, dado que non hai situación de falta de candidatos adecuados para ningún posto, non se fai proposta á oficina de emprego de inclusión no proceso de selección de persoas concretas alleas aos listados recibidos desta. A Comisión non dispuxo un novo prazo de presentación de instancias aberto ao público interesado, xa que nas bases ven establecido que neste obradoiro de emprego o procedemento de selección utilizado consistirá na oferta de emprego, polo que sería impropiedade admitir candidaturas fóra das listaxes remitidas pola oficina de emprego; tan só en circunstancias obxectivas de falta de candidatos idóneos faríase unha nova petición de currículos á oficina de emprego asignada, ben para unha repetición da sondaxe ou para a inclusión específica de persoas consideradas idóneas pola comisión. Polo tanto, ao encontrarse neste suposto de ausencia nas listaxes, son rexeitadas as instancias e reclamacións de Belén Durán Ascariz (instancia para mestra de xestión empresarial), María Begoña Filgueira Herva (instancia para auxiliar administrativa), Mónica Cal-



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

viño Dorado (instancia para auxiliar administrativa) e María José Carballeira Dopico (instancia para mestra de xestión empresarial).

3. En relación ás reclamacións ás valoración realizada na acta nº 4 do 12-12-2023, resólvese o seguinte:

a) desestímase a reclamación de MARÍA ESTAFANÍA ABELENDA POSE, sen necesidade polo tanto de modificar a valoración de méritos dentro do anexo II relativo ao posto de mestra de ensino básico, xa que a experiencia laboral vai enfocada ao fomento de emprego e xestión social e empresarial, non relacionada directamente á docencia; en canto aos cursos de formación; en todo caso o requisito de competencia docente consume 6 meses deste tipo de experiencia. En relación aos cursos de formación acontece algo similar, xa que ven enfocada á creación de empresas, participación xuvenil, marketing, orientación laboral, etc, ámbitos que a comisión considera desligados das funcións do posto (formación, material didáctico, avaliación e titoría); por outra banda, a ampliación de prazo para o posto de mestra de xestión empresarial, necesaria e obrigada pola falta de candidatos con instancia presentada, aberta exclusivamente ás persoas que figuran na lista recibida da oficina de emprego, non prexudica en absoluto aos participantes no proceso selectivo de mestra de ensino básico.

b) desestímase a reclamación de MARÍA JOSÉ CARBALLEIRA DOPICO, sen necesidade polo tanto de modificar a valoración de méritos dentro do anexo II relativo ao posto de mestra de ensino básico, xa que alega a posesión dun doutorado relacionado coas funcións do posto, pero non se acredita que se cumpriran todas as fases de formación, investigación, aprobación e validación da tese, etc., necesarias para a obtención do título de doutora; a comisión entende que a superación dalgunhas destas fases, sen completar o proceso, non acredita o grao de doutora, polo que non se valora. Non obstante, estas xustificación foron tidas en conta como estudos de pos-grao relacionados coas funcións do posto, aínda que a valoración desta relación está suxeita a certa subxectividade e podería ser discutible.

c) admitir parcialmente a reclamación de SEGUNDO RUIZ LEMOS, en relación á valoración de méritos do anexo IV dos postos de mestres de especialidade, considerando que pode darse por xustificada unha experiencia relacionada co posto superior a 12 meses pero menor de 18 meses, polo que lle correspondería 1 punto pola experiencia fóra do ámbito de obradoiros de emprego e similares. Non se poden aceptar os períodos de cotización, na que se realizan funcións diversas non directamente relacionadas coas funcións do posto, polo que hai que discriminar o tempo empregado na preparación e docencia de materias relacionadas, segundo xustificación por certificado. Por outra banda o máster universitario en formación do profesorado foi valorado no apartado de cursos de formadores (CAP) con 1 punto, mentres o título superior de prevención de riscos laborais (impartido por unha empresa privada) foi valorado con 0,2 puntos, xa que corresponde ao apartado de cursos de máis de 99 horas. A comisión entende que moitos das experiencias e formacións non teñen relación directa coas funcións do posto nin coas unidades de competencia do programa do obradoiro, polo que non poden ser valoradas. Polo tanto, con esta corrección de valoración, a puntuación definitiva total quedaría en 6,75 puntos, manténdose a cualificación de suplente 2º.

4. Despois de analizar os requisitos de admisión e exclusión da candidata, xustificadas documentalmente na instancia presentada en prazo, apróbese a listaxe do anexo III (mestre/a de xestión empresarial), sen necesidade de completar a baremación dos méritos. No caso de non variación das circuns-



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

tancias de valoración, a proposta pasará a ser definitiva, sen necesidade de novo acordo pola comisión.

5. Acórdase a publicación das listaxes de selección dos anexos III e IV o día 14/12/2023. O prazo para presentar alegacións ao anexo III, será de 1 día hábil, é dicir ata o 15-12-2023 (inclusive). Outorgar o prazo de 1 día hábil, é dicir ata o 15-12-2023 (inclusive) para que a candidata seleccionada no anexo III presente a documentación xustificativa necesaria para a contratación.

Sendo as 11:00 horas do día 14 de decembro , remátase a reunión da comisión de selección.

Rosa Novoa Paseiro

Ruth Álvarez Grande

Úrsula de la Barrera Fernández

María del Pilar Lage García

Alejandro Alonso Figueroa

=====  
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE